



Concello de Lugo

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO CO OBXECTO DE COLABORAR NOS GASTOS DERIVADOS POLA CELEBRACIÓN XVI EQUIGAL SALÓN INTERNACIONAL DO CABALO DE GALICIA - ANO 2023**

*Na casa do Concello de Lugo, data e sinatura electrónica*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, Dna. Lara Méndez López, con D.N.I. número 77594722J, actuando en nome e representación como Alcaldesa-Presidenta, do Excmo. Concello de Lugo con domicilio en Lugo, Pza Maior nº 1 e C.I.F. P-2702800J.*

*E doutra banda D. Rubén López Fernández, con NIF 33334341-G, actuando en nome e representación da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, con CIF G27161496, na súa calidade de xerente.*

*As partes comparecentes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica e de representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio, e a tal efecto*

**EXPOÑEN**

*PRIMEIRO.- O Concello de Lugo e a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo comparten o interese en promover eventos que posicionen a nosa cidade coma localización referente para a celebración de eventos de toda índole tanto nacionais coma internacionais, o que indubablemente se traduce nun importante impulso para a economía local.*

*SEGUNDO.- O Concello de Lugo, en exercicio das súas competencias ten vontade de promover este convenio en virtude do establecido na Lei 7/1985 do 2 de abril, artigo 25. 1. "O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo."*

*TERCEIRO.- Que ambas as partes coinciden na necesidade de axuntar esforzos para a consecución dos seus respectivos obxectivos e intereses comúns e que, por conseguinte, cren conveniente, por medio deste documento, establecer a coordinación e colaboración respecto á organización do "XVI Equigal salón internacional do cabalo de Galicia".*

*Por todo o exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base as seguintes*

## **CLAÚSULAS**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO**

*O obxecto deste convenio é a colaboración entre a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo e o Concello de Lugo para a organización do "XVI Equigal salón internacional do cabalo de Galicia", que se celebrará durante as fins de semana do 5 ao 21 de maio.*

### **SEGUNDO.- ACTUACIÓNS A REALIZAR POR CADA PARTE**

*A Feiras e Exposicións de Lugo comprométese á organización e a asumir a parte loxística deste evento, onde se inclúe a xestión das inscricións, contratación do persoal necesario, publicidade, infraestruturas, ...*

*O Concello de Lugo colaborará na organización do evento, asumindo os gastos derivados da adquisición dos trofeos.*

### **TERCEIRO.- OBRIGAS E COMPROMISOS ECONÓMICOS**

*A Feiras e Exposicións de Lugo comprométese a asumir os seguintes datos:*

- *Publicidade e marketing: 4.000,00 € (ive incluído)*
- *Gastos derivados da loxística do evento: 4.000,00 € (ive incluído)*
  - *Montaxe e desmontaxe das estruturas*
  - *Limpeza das instalacións*
  - *Controladores de acceso e persoal de taquillas*
- *Infraestruturas: 7.500 € (ive incluído)*
- *Gastos asociados ao uso das instalacións: iluminación, calefacción, ...*

*O Concello de Lugo colaborará coa Feiras e Exposicións de Lugo asumindo ós gastos derivados da adquisición dos trofeos segundo a seguinte relación:*

- *184 pratos de pulpo co logotipo gravado do Concello de Lugo*
- *76 murallas*
- *8 premios especiais*

*O Concello de Lugo sacará a licitación os contratos correspondentes a contratación dos suministros relacionados, cun gasto estimado de 1.850,00 € IVE incluído.*

*As achegas financeiras comprometidas polos asinantes non son superiores aos gastos derivados da execución do convenio.*

### **CUARTO.- FINANCIAMENTO DO EVENTO OBXECTO DESTE CONVENIO**

*O evento finánciase a través das contribucións do Concello de Lugo e a Feiras e Exposicións de Lugo no marco do presente convenio:*



Concello de Lugo

ACTIVIDADE / INVESTIMENTO	ACHEGA FINANCIEIRA Feiras e Exposicións de LUGO	ACHEGA FINANCIEIRA CONCELLO	OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO
	15.500,00 €	1.850,00 €	-----
TOTAL CUSTE PROXECTO	17.350,00 (IVE incluído)		

O orzamento estimativo deste evento é de 17.350,00 € (IVE incluído), dos que o Concello asumirá un importe de 1.850,00€ (IVE incluído) e a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo 15.500,00 € (IVE incluído) (incluíndo a aportación dos patrocinadores e as INSCRICIÓNNS).

#### QUINTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Non hai contraprestación económica entre as partes asinantes do convenio senón a participación de ambas nun interés común.

#### SEXTA.- DURACIÓN

"O alcance do presente convenio é en exclusiva a realización do "XVI Equigal salón internacional do cabalo de Galicia". Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e o alcance do mesmo é en exclusiva a realización do "XVI Equigal salón internacional do cabalo de Galicia", as actuacións xa ultimadas quedan incorporadas a este convenio, retroaéndose os seus efectos económicos ao 1 de xaneiro de 2023. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción da correspondente adenda. Serán causas de resolución anticipada, ademais das expresamente previstas na lexislación aplicable:

O incumprimento das obrigacións por calquera das partes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado aos membros da Comisión de Seguimento e á entidade cumpridora. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

A imposibilidade de realizar o proxecto no lugar e data establecidos por calquera causa."

#### SÉTIMA.- MODIFICACIÓN

*A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.*

*A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.*

#### OITAVA .- EXTINCIÓN E EFECTOS

*O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.*

*Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.*

*O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación dos mesmos, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52.2 da amentada Lei 40/2005 ( LRXSP).*

#### NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

*Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento a Excm. Alcadesa do Excmo. Concello de Lugo.*

*Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización.*

*O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP. Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:*

- Velar polo cumprimento deste convenio.*
- Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións e programas que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.*
- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.*
- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.*
- E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.*



Concello de Lugo

*As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.*

#### **DÉCIMA.- SISTEMAS DE COMUNICACIÓN, INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.**

*Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen do investimento, actividade ou actuación, incorporaranse os "logotipos" institucionais do Concello de Lugo.*

*As entidades autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio.*

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- CARÁCTER DO CONVENIO DE COOPERACIÓN.**

*Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdicción contencioso – administrativa.*

*O presente convenio non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.*

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE**

*Realizar a oportuna publicación no rexistro de convenios, de conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á Información Pública e Bo Goberno.*

**CONCELLO DE LUGO**

*Dna. Lara Méndez López*

**FUNDACIÓN FEIRAS  
E EXPOSICIÓNS DE LUGO**

*D. Rubén López Fernández*